



## CONCELLO DE PORTO DO SON

Rúa Atalaia s/n. 15970  
Porto do Son (A Coruña)  
CIF: P1507200B  
Tfno: 981-867412  
Fax: 981-767358

# ACTA DO PLENO DA CORPORACIÓN

## SESIÓN ORDINARIA DO 9 DE XULLO DE 2015.

### ASISTENTES:

#### Alcalde- Presidente:

José Luis Oujo Pouso (PP)

#### Concelleiros:

Maria José Maneiro Quintáns (PP)

José Manuel Deán Pouso (PP)

Juan Jesús Pérez Santos (PP)

M<sup>a</sup> Magdalena Pérez Millares (PP)

Antonio Romero Ribeiro (PP)

Joaquín García García (PP)

Josefa M<sup>a</sup> Hemo García (PSdG- PSOE)

Luis García Gaciño (PSdG- PSOE)

M<sup>a</sup> Asunción Torres Parada (Portodos)

Juan A. Rodríguez García (Portodos)

M<sup>a</sup> Ánxela Franco Pouso (BNG)

Xoán Xosé León Martínez (BNG)

#### Secretario:

José Manuel González García.

Na localidade de Porto do Son (A Coruña), sendo as 20:05 horas do día 9 de xullo de 2015, no Salón de Actos da Antiga Casa Consistorial, reúñese o Pleno da Corporación Municipal en **sesión ordinaria**, previamente convocada, baixo a presidencia do Sr. Alcalde-Presidente, D. José Luis Oujo Pouso, coa asistencia dos Sres. concelleiros que se relacionan á marxe.

A Corporación está asistida polo secretario da Corporación, D. José Manuel González García, que dá fe do acto, así como pola interventora da Corporación, D<sup>a</sup>. Manuela Barcia Vázquez.

Unha vez verificada polo secretario a válida constitución do Pleno, dado que se cumpre a asistencia mínima dun terzo do número legal de membros da Corporación, o Alcalde- Presidente abre a sesión.

De seguido o Alcalde- Presidente procede á deliberación e votación dos asuntos incluídos na **ORDE DO DÍA**:

#### A) PARTE RESOLUTIVA.

- 1) Aprobación da acta da sesión do 25/06/2015.



# CONCELLO DE PORTO DO SON

Rúa Atalaia s/n. 15970  
Porto do Son (A Coruña)  
CIF: P1507200B  
Tfno: 981-867412  
Fax: 981-767358

- 2) Toma de coñecemento da renuncia de D. Juan Antonio Rodríguez García ao cargo de concelleiro da Corporación Municipal e proposta de nomeamento de quen o ha de substituír.
- 3) Mocións de urxencia.

## B) PARTE DE CONTROL.

- 4) Dación de conta da aprobación da liquidación dos Orzamentos Xerais correspondentes ao exercicio 2014.
- 5) Dación de conta dos informes de morosidade correspondentes ao 4º trimestre de 2014 e ao 1º trimestre de 2015.
- 6) Dación de conta dos decretos da Alcaldía e das actas da Xunta de Goberno Local.
- 7) Rogos e preguntas.

\*\*\*\*

## 1. APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN DO 13/06/2015.

O Sr. Alcalde- Presidente pregunta se os concelleiros queren facer algunha observación á acta e, non realizándose ningunha, o Sr. Alcalde- Presidente sométea a votación:

O Pleno Corporativo, trala **votación ordinaria e por unanimidade (13)**, polo tanto co **quórum de maioría absoluta**, sendo trece (13) o número legal de membros da Corporación, **APROBA a acta da sesión plenaria extraordinaria do 25/06/2015**.


## 2. TOMA DE COÑECIMENTO DA RENUNCIA DE D. JUAN ANTONIO RODRÍGUEZ GARCÍA AO CARGO DE CONCELLEIRO DA CORPORACIÓN MUNICIPAL E PROPOSTA DE NOMEAMENTO DE QUEN O HA DE SUBSTITUÍR.

O secretario da Corporación dá lectura á proposta de acordo, que é do seguinte teor literal:

### "PROPOSTA DA ALCALDÍA- PRESIDENCIA

D. José Luis Oujo Pouso, Alcalde- Presidente do Concello de Porto do Son, no exercicio das facultades que lle confiren o artigo 21 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL) e 61 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia (LALG), propón ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte ACORDO, non obstante resloverá o que estime conveniente:

Visto o escrito presentado por D. Juan Antonio Rodríguez García o 29 de xuño de 2015, rexistrado de entrada co núm. 4676, manifestando a súa renuncia ao cargo de concelleiro da Corporación Municipal de Porto do Son por motivos persoais e laborais.



# CONCELLO DE PORTO DO SON

Rúa Atalaia s/n. 15970  
Porto do Son (A Coruña)  
CIF: P1507200B  
Tfno: 981-867412  
Fax: 981-767358

Vistos os artigos 15.2, 19.1 l) e 182 da Lei orgánica 5/1985, do 19 de xuño, de réxime electoral xeral, o artigo 9.4 do RD 2568/1986, do 28 de novembro, Regulamento de organización funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e más a Instrucción da Xunta Electoral Central de data 10 de xullo de 2003, sobre substitución de cargos representativos locais.

Visto canto antecede, **RESOLVE:**

**Primeiro.-** Tomar coñecemento da renuncia ao cargo de concelleiro da Corporación Municipal de Porto do Son efectuada por D. Juan Antonio Rodríguez García.

**Segundo.-** Comunicar este acordo á Xunta Electoral Central aos efectos de expedición da credencial acreditativa da condición de concelleiro electo a favor do candidato que corresponda, facendo constar que se propón o nomeamento do candidato D. José Ángel Lorenzo Vila.

Porto do Son, 1 de xullo de 2015.

O Alcalde- Presidente,  
Asdo. José Luis Oujo Pouso."

Non habendo intervencións, o Sr. Alcalde- Presidente dá paso á votación da proposta.

En consecuencia, o Pleno Corporativo, trala votación ordinaria e por seis (6) votos a favor (2 PSdG- PSOE+ 2 Portodos+ 2 BNG) e con sete (7) abstencións (7 PP), polo tanto co quorum da maioría simple, sendo trece (13) o número legal de membros da Corporación, adopta o seguinte ACORDO:

"Visto o escrito presentado por D. Juan Antonio Rodríguez García o 29 de xuño de 2015, rexistrado de entrada co núm. 4676, manifestando a súa renuncia ao cargo de concelleiro da Corporación Municipal de Porto do Son por motivos persoais e laborais.

Vistos os artigos 15.2, 19.1 l) e 182 da Lei orgánica 5/1985, do 19 de xuño, de réxime electoral xeral, o artigo 9.4 do RD 2568/1986, do 28 de novembro, Regulamento de organización funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e más a Instrucción da Xunta Electoral Central de data 10 de xullo de 2003, sobre substitución de cargos representativos locais.

Visto canto antecede, **RESOLVE:**

**Primeiro.-** Tomar coñecemento da renuncia ao cargo de concelleiro da Corporación Municipal de Porto do Son efectuada por D. Juan Antonio Rodríguez García.

**Segundo.-** Comunicar este acordo á Xunta Electoral Central aos efectos de expedición da credencial acreditativa da condición de concelleiro electo a favor do candidato que corresponda, facendo constar que se propón o nomeamento do candidato D. José Ángel Lorenzo Vila."

## **3. MOCIÓN DE URXENCIA.**

Dª. María Ánxela Franco Pouso anuncia a presentación por vía de urxencia dunha moción en defensa do sector lácteo galego.

O Sr. Alcalde- Presidente dá paso á votación da urxencia e inclusión na orde do día da moción.



## CONCELLO DE PORTO DO SON

Rúa Atalaia s/n. 15970  
Porto do Son (A Coruña)  
CIF: P1507200B  
Tfno: 981-867412  
Fax: 981-767358

En consecuencia, o Pleno Corporativo, trala votación ordinaria e por sete (7) votos en conta (7 PP) e con seis (6) votos a favor (2 PSdG- PSOE+ 2 Portodos+ 2 BNG)), polo tanto co quórum da mayoría absoluta, sendo trece (13) o número legal de membros da Corporación, REXEITA a urgencia do asunto e a súa inclusión na orde do día.

O Sr. Alcalde- Presidente invita á voceira do BNG a que presente a moción no Rexistro do concello, caso no que estudarán e tratarán a moción na vindeira sesión plenaria.

D. Xoán Xosé León Martínez indica que el tamén traía unha moción urgente e que, á vista do dito, presentará no Rexistro do concello, pois entende que o Sr. Alcalde- Presidente non vai facer como no anterior mandato, cando dicía que traería as mocións ao Pleno e logo non o facía.

### **4. DACIÓN DE CONTA DA APROBACIÓN DA LIQUIDACIÓN DOS ORZAMENTOS XERAIS CORRESPONDENTES AO EXERCICIO 2014.**

O Sr. Alcalde- Presidente dá conta da aprobación, por decreto da Alcaldía núm. 218/2015, do 31 de marzo, da liquidación dos Orzamentos Xerais do concello correspondentes ao exercicio 2014.

### **5. DACIÓN DE CONTA DOS INFORMES DE MOROSIDADE CORRESPONDENTES AO 4º TRIMESTRE DE 2014 E AO 1º TRIMESTRE DE 2015.**

O Sr. Alcalde- Presidente dá conta dos informes de morosidade do Concello de Porto do Son correspondentes ao 4º trimestre de 2014 e ao primeiro trimestre de 2015.

### **6. DACIÓN DE CONTA DOS DECRETOS DA ALCALDÍA E DAS ACTAS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL.**

O Sr. Alcalde- Presidente dá conta dos decretos da Alcaldía ata o núm. 419/2015 e das actas da Xunta de Goberno Local do 8 e 22 de maio e do 10 de xuño de 2015.

### **7. ROGOS E PREGUNTAS.**

a) Dª. Josefa Mª Hermo García fai os seguintes rogos e preguntas:



## CONCELLO DE PORTO DO SON

Rúa Atalaia s/n. 15970  
Porto do Son (A Coruña)  
CIF: P1507200B  
Tfno: 981-867412  
Fax: 981-767358

1/ Di que lle gustaría, en relación co rogo que vai facer, falar dos recursos humanos cos que conta o concello para executar as súas competencias, pois quere trasladarlle ao Sr. Alcalde-Presidente que forman parte da Corporación todos os concelleiros. Neste punto, rógalle ao se Alcalde-Presidente que non se resolva todo por decreto e que se traian asuntos ao Pleno para decidilos entre todos e non ter que coñecer os acordos polo xornal. Engade que non lles gustaría enterarse do que sucede no concello pola prensa senón por unha chamada de teléfono ou por un correo electrónico.

2/ Roga que se actualice a páxina web, pois aínda figuran os concelleiros da anterior Corporación, e que se publiquen as actas do Pleno e da Xunta de Goberno Local. Tamén insta ao equipo de goberno a que publique neste medio, en aras da transparencia, as súas declaracóns de bens.

3/ Roga que se limpen os accesos ás praias e as beirarrúas, desde Miñortos a Carballosa, e que se limpen as pistas nas zonas rurais, en especial os camiños forestais, polo risco de incendio.

4/ Gústalle que haxa actividade no Viveiro de Empresas pero, ¿fíxose un estudo de viabilidade e un estudo de prevención de riscos en relación co novo emprendedor que alí se asentou, pois emprega na súa actividade materiais canceríxenos? Cre que ese emprendedor precisaría un local nun polígono industrial.

5/ Deduce que se fixo un estudo de viabilidade para a nova Casa do Concello pero, ¿está recollida no Plan Xeral?

6/ ¿Que programación cultural estival se preveu para as diferentes parroquias e casas da cultura?

7/ ¿Vaise recuperar a vella alameda? Se é así, ¿como?

8/ ¿Quen vai xestionar a piscina: o concello ou unha empresa privada? No primeiro caso, ¿é posible que participe algúun concelleiro da oposición nos procesos selectivos? No segundo caso, ¿como vai ser a licitación?

b) D. Luis García Gaciño fai os seguintes rogos e preguntas:

1/ ¿Está regularizada a cesión de locais a asociacións, como o Club Náutico de Porto do Son?

c) D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> Asunción Torres Parada fai os seguintes rogos e preguntas:

1/ ¿Que tipo de perfil se tivo en conta para a selección de traballadores estivais (peóns de limpeza de praia, peóns de incendios,...)?

2/ ¿Por que se publicou a convocatoria para o exame de peón de limpeza de praias a véspera da súa realización? Con esta actuación elimináronse do proceso a 60 persoas que non se enteraron.

3/ ¿Por que non se ten en consideración nos procesos selectivos a situación de cónxuxes en paro e con fillos ou aos traballadores parados? Todo o mundo ten dereito a acceder aos postos públicos, polo que pide que se reserven prazas para cubrir polas persoas que se atopan nesas situacións.



## CONCELLO DE PORTO DO SON

Rúa Atalaia s/n. 15970  
Porto do Son (A Coruña)  
CIF: P1507200B  
Tfn: 981-867412  
Fax: 981-767358

4/ Pide que o Concello de Porto do Son faga como o de Riveira, no que se destinaron 25.000 euros a axudas sociais, pois sobran casos de persoas en situación de risco de exclusión social. Insta a que se destine unha partida orzamentaria a axudas de emerxencia e sociais.

d) D<sup>a</sup>. María Ánxela Franco Pouso fai os seguintes rogos e preguntas:

1/ ¿Que hai previsto fazer en relación coas obras executadas a dúas semanas das eleccións, como os asfaltados nos que xa nace a herba? Eses casos son de vergoña, pois son obras que áinda non teñen un mes. ¿Vanse pagar?

2/ ¿Como é posible que coas beirarrúas cheas de maleza haxa traballadores municipais limpando muros de particulares, a dous días das eleccións e nestes momentos tamén?

3/ Pide que as comisións informativas non se celebren o día antes do Pleno, pois agora estase a bloquear o labor da oposición.

4/ Roga, en relación coa prevención de incendios forestais, que se teña en conta ás parroquias que fixeron pistas arredor dos núcleos e que se fale ao respecto co Distrito Forestal.

5/ Roga que se elabore unha ordenanza municipal para regular o uso dos inmobles de titularidade municipal, como as casas da cultura.

6/ ¿Como é posible que no mes de abril as persoas que atenden as casas da cultura, e que presentan factura, cobren cantidades diferentes? Este é un asunto que non se entende e ao que resulta imperioso botar man. Así mesmo, noutro momento, falarán do contrato desas persoas.

7/ ¿D<sup>a</sup>. Berta Sende Ramos é persoal laboral do concello?

D<sup>a</sup>. María José Maneiro Quintáns responde que foi contratada en virtude dunha asistencia técnica.


8/ ¿Como é posible que, se traballa para o concello, presente dúas facturas no mes de maio? ¿Non está a cobrar do concello?

e) D. Xoán Xosé León Martínez fai os seguintes rogos e preguntas:

1/ ¿Canto custou a Feira Mariñeira de Portosín?

2/ ¿Por que desde o concello non se desaconsellou o baño nas praias con presenza da bacteria "e- coli" nas que se detectou?

E non habendo máis asuntos que tratar, de orde da Alcaldía- Presidencia, levántase a sesión, sendo as 20:25 horas do día 9 de xullo de 2015, de todo o que se estende a presente acta, da que eu, como secretario dou fe.



O ALCALDE-PRESIDENTE.  
Asdo. José Luis Oujo Pouso.



O SECRETARIO, que dá fe.  
Asdo. José Manuel González García